



# O Instituto de Estudos Ulloáns está a traballar en tres novas publicacións este ano

7 febreiro, 2022

O Instituto de Estudos Ulloáns (IEU) naceu en 2015 nunha aldea á beira do río Ulla, concretamente na palleira da casa de Laxe, da aldea de Chorexe, da parroquia de Pidre, do concello de Palas de Rei. Seguramente o IEU é o único Instituto de Estudos que naceu nunha palleira, a construción máis representativa do mundo rural ulloán. Ser de aldea é unha maneira de ser e de sentir dos galegos, neste tempo, nos tempos pasados e nos futuros. Aquelo co que nos identificamos e co que os demais nos identifican. O orgullo de ser nos mesmos.

Foron 22 os socios e socias fundadores, hoxe son 156 socios numerarios, 2 socios de honor (Xesús Alonso Montero, expresidente da Real Academia Galega, e o historiador Carlos Méndez), 4 socios institucionais (concellos de Monterroso e de Palas de Rei, e IES do Camiño de Palas e IES de Monterroso) e 4 socios protectores: GADISA, Granxas Campomayor, Jimsports e o Hotel Balneario Río Pambre.

O modelo de organización que escollerón foi o do antigo Seminario de Estudos Galegos (SEG). Partindo dun modelo organizativo clásico e de corte académico, pero iso non limita en ningún caso as súas accións. É unha vella receita para tempos novos, a sinerxía entre o vello e o novo agro. Como o SEG, tamén o IEU está estruturado en Seccións, que van dende a arqueoloxía ou a filoloxía ata o medio ambiente. As seccións funcionan con certa autonomía e as súas actividades están centradas sempre na comarca da Ulloa.

Na actualidade, a sede mantense en Monterroso, pero desenvolven a súa actividade cultural nos tres concellos da Ulloa (Antas de Ulla, Monterroso e Palas de Rei).

## Afianzar a identidade da comarca da Ulloa

Utilizamos cookies para asegurar que damos a mellor experiencia ao usuario na nosa web. Se segues utilizando este sitio asumiremos que estás de acordo.

O obxectivo fundamental do Instituto é o estudo, a divulgación e a protección do patrimonio da Ulloa, tanto cultural como natural, entendendo a cultura no seu concepto mais amplio, tanto a cultura material como inmaterial.

Isto faino a través de diversas actividades e proxectos que realizan ano a ano. Dende o Instituto destacan cinco das más importantes.



O seu maior logro é a revista Cairón. Boletín do Instituto de Estudos Ulloáns, que acadou unha gran relevancia e está hoxe nas bibliotecas das principais institucións e centros culturais de Galicia. As presentacións da revista, que realizaron en Lugo, Monterroso, Palas de Rei e Antas de Ulla, tiveron un gran eco nos medios de comunicación.

Esta palabra Cairón, nome da revista, foi a palabra que se inventou o poeta Lorenzo Varela e que, estando no exilio en Buenos Aires, escribiu o poema "Ofrenda aos franceses", dedicado ao exercito que liberou París dos nazis en 1944, e no que din el non ten nada que ofrecerelles e que o seu único agasallo é esa palabra Cairón. Representa por tanto esta palabra a liberdade e a esperanza dun mundo mellor, e dalgún xeito é tamén o noso emblema.

Nos cinco números que levan publicados de Cairón contan con aportacións de especialistas nos mais diversos temas, dende etnografía, arqueoloxía, historia, persoeiros, ata cooperativismo ou diversidade, flora e fauna da comarca da Ulloa.

O segundo maior logro foi o centro xeográfico de Galicia e o nacemento do río Ulla. En novembro de 2019, a instancias do Instituto de Estudos Ulloáns (IEU), o Instituto Geográfico Nacional (IGN) emitiu o informe oficial e definitivo da localización do Centro Xeográfico de Galicia, que situou na aldea de Nugallás, en Antas de Ulla. En decembro de 2019 o IEU convocou unha rolda de prensa en Lugo para dar a coñecer este informe aos medios de comunicación, e en febreiro de 2020 elaborou un informe técnico solicitando ás Administracións a súa intervención para divulgar e protexer este enclave, ao que respondeu inmediatamente a Deputación de Lugo co proxecto da creación do Parque Central de Galicia, que aspira a converterse nun espazo referencial para a comunidade.

Utilizamos cookies para asegurar que damos a mellor experiencia ao usuario na nosa web. Se segues utilizando este sitio asumiremos que estás de acordo.

Quedaba para o IEU unha meta pendente, acaso unha das más significativas, a da localización do nacemento do río Ulla, tema tan controvertido como o do Centro Xeográfico de Galicia. Algúns investigadores situábanlo na Serra da Vacaloura, no concello de Monterroso; outros na parroquia de Olveda, no concello de Antas de Ulla, e nos mapas do IGN na aldea de Cal de Mourelle, no concello de Taboada.

O estudo máis recente sobre este tema é o do xeógrafo Horacio García, socio do IEU e profesor de xeografía na Universidade de Santiago, que sitúa o nacemento do río Ulla na Chousa da Poteira, nos montes de Olveda, en Antas de Ulla. No último número de Cairón, Boletín do Instituto de Estudos Ulloáns o xeógrafo palense publicou o artigo "Onde 'nace' o río Ulla? Un percorrido científico na busca das súas fontes", no que da as coordenadas precisas do nacemento do Ulla.



Outro dos grandes proxectos do Instituto foi a programación de exposicións na sala do Castelo de Pambre. Esta programación foi coordinada polo galerista Braulio Vilariño. O instituto leva realizadas máis de 25 exposicións de arte contemporánea galega. A primeira exposición foi "As nosas señoritas do camino", unha exposición de arte románica. A partir da segunda foron todas de arte contemporánea, de destacados pintores galegos e doutras comunidades, entre eles Lomarti, grupo Bacabú, Xoan Guerreiro, X.L.Seara, Vicente Prego, Anxo Cabada, Belkis Oliveira, JM Mendez, Kukas, Correa Corredoira, Vázquez Cereijo, Antón Patiño e Menchu Lamas.

Ademais, unha das actividades más importantes é o Proxecto Flora da Ulloa, coordinado por Xurxo Mouriño que permite coñecer en profundidade a comarca. O biólogo e consultor ambiental Xurxo Mouriño leva organizadas e guiadas 32 excursións botánicas pola comarca da Ulloa en diferentes épocas do ano nas que se poden coñecer a flora e os endemismos da Ulloa.

Tamén conta con proxectos audiovisuais que axudan a promover e dar a coñecer a zona. Patricia Coucheiro González e Susana Varela Negro coordinan dous proxectos audiovisuais: "Fotografía e arquivo fotográfico e fonográfico", no que recollen fotografías antigas da comarca da Ulloa e "A Ulloa. Fotografías contrápetas" dentro do que se citan a

Utilizamos cookies para asegurar que damos a mellor experiencia ao usuario na nosa web. Se segues utilizando este sitio asumiremos que estás de acordo.

simplemente descriptiva, aportan diferentes olladas de mulleres sobre o seu propio territorio, sobre a súa contorna modo de historia contada por elas mesmas.

Na actualidade, seguen na mesma liña que en anos anteriores, cunha especial dedicación á protección de espazos de especial interese patrimonial como é toda a zona do Monte Farelo, en Antas de Ulla.

## Nos próximos meses publicarán tres libros

“Achegas á simboloxía do románico da Ulloa”, libro de Xosé Lois García editado polo IEU e financiado pola Deputación de Lugo, con prólogo de Francisco Pardo Teijeiro, coordinador da edición.

“Antas de Ulla no centro xeográfico de Galicia”, libro monográfico de historia, etnografía e creación literaria coordinado por Aldara García Gómez e María José Gómez Alvite. Os autores : Goded Millán, S.; Gómez Alvite, M.J.; González Shuttleworth,A.; Gulías Lamas,X.A.; Ledo, Paco;Maseda, Martiño; Mesa, Adolfina; Moure Soengas, A.; Mouríño Lourido,J.; Núñez, Toño; Pardo de Neyra, X.; Pardo Teijeiro, F.; Pérez Alonso,L; Somoza López,M.; Varela Cadahía,C; Asociación Cultural e musical Tesmenteira; Técnicos de ordenación do territorio do IEU. Editado pola Deputación de Lugo, coa coordinación editorial do IEU.

“Proposta pedagólica. Fotografías centrípetas”, Tomo I da colección “Ulloa audiovisual” . Colección editada polo IEU e coordinada por Patricia Coucheiro González e Susana Varela Negro. Editado pola Rede Museística Provincial da Deputación de Lugo e o IEU.

[Estudo](#)

Utilizamos cookies para asegurar que damos a mellor experiencia ao usuario na nosa web. Se segues utilizando este sitio asumiremos que estás de acordo.

[Axustes Cookies](#) [ACEPTAR](#)